



MISA CON NENOS

19 de XANEIRO de 2020

ORDINARIO - 2º - A

XOÁN 1, 29-34: "Xoán deu testemuño del: este é o Año de Deus".

Mensaxe: Coa **APPLICACIÓN do bautismo baixas da nube a graza do Espírito.**



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Aínda queda, no noso recordo, o Bautismo de Xesús no Xordán. Aquel Neno que, sendo mozo, iniciou a súa misión como Fillo de Deus ao ser bautizado por Xoán Bautista.

Hoxe de novo, Xoán, sinala a Xesús como aquel que nos vai a mostrar o camiño cara a Deus porque é a Luz, o que quita o pecado do mundo. Nós fomos elixidos por Deus e polo seu Espírito Santo para ser testemuñas do seu amor a todos os que nos atopemos, servindo, sandando, curando, falando del, dándoo a coñecer aos demais.

Estamos na semana de Oración pola Unidade dos Cristiáns, pedimos para que as distintas igrexas e comunidades cristiás cheguemos a unirmos nunha única Igrexa como quere Xesús. Pedimos tamén pola Unión de todas as Igrexas, de todos os cristiáns.

SAÚDO: No nome do Pai... "A graza e paz de parte de Deus o noso Pai e do Señor Xesucristo" sexan convosco.

2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN /RENUNCIAS BAPTISMAIS

Recoñecendo que Xesús é o enviado de Deus, o Año que se ofrece por nós e que quita o pecado do mundo, recoñecemos pecadores.

- Ti, que es o Deus da festa, da luz, da salvación. *Señor, ten piedade de nós.*
 - Ti, que nos coidas dándonos todo o que necesitamos para a vida. *Cristo, ten piedade de nós.*
 - Ti, que nos fas testemuñas da túa entrega e amizade. *Señor, ten piedade de nós.*
- Que o Señor teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna.

3. PALABRA DE DEUS

A primeira lectura e o evanxeo de hoxe, son aínda como un eco do tempo de Nadal. O profeta Isaías, segue presentándonos o Mesías como luz das nacións. O evanxeo nárranos o encontro entre Xoán e Xesús, e como Xoán sinalao como o Año de Deus que quita o pecado do mundo, indicando así a misión da súa vida.

4. RENOVACION PROMESAS BAPTISMAIS

Nesta festa do Bautismo do Señor, renovemos o compromiso da nosa fe baptismal. Digamos:

-Si, creo.

Celebrante: Credes en Deus, Pai creador do ceo e da terra?

Celebrante: Credes en Xesucristo, seu único Fillo, noso Señor, que naceu de Santa María Virxe, morreu, foi sepultado, resucitou de entre os mortos e está sentado á dereita do Pai?

Celebrante: Credes no Espírito Santo, na Igrexa Católica, a Comunión dos Santos, o perdón dos pecados, a resurrección dos mortos e na vida eterna?

Celebrante: Esta é a nosa fe e é unha alegría poder proclamala a viva voz e todos xuntos.

5. PETICIÓNS

Como comuni comunidade reunida, expresemos as nosas necesidades a Deus o noso Pai.

-Fainos as túas testemuñas, Señor. -Que todos sexamos un, Señor. -Año de Deus, ten piedade de nós.

1.- Pola Igrexa, para que siga ofrecendo o perdón e a reconciliación con Deus. Oremos.

2.- Polos que viven sen atopar sentido ás súas vidas, polos bautizados que perderon a fe en Xesús. Oremos.

3.- Por todos os aquí reunidos para que deamos testemuño renovado do amor de Deus coas nosas palabras e coa nosa vida. Oremos.

- 4.- Pola unidade de todos os cristiáns, para que todas as comunidades cristiás cheguemos a unirnos nunha única Igrexa. Oremos.
- 5.- Pola nosa parroquia para que estea aberta ás novas realidades sociais, relixiosas, e faga súa a tarefa de levar a Xesús ao encontro de todos. Oremos.
- 6.- Polas vocacións ao matrimonio, para que moitas parellas se sintan atraídas ao amor de Deus neste sacramento. Oremos.
- En Ti, Señor, confiamos aínda que a nosa fe é débil e vacilante; dános a forza do teu Espírito para que sexamos testemuñas do teu amor. Por XCNS....

6. OFRENDAS

- UN AÑO: Xesús, ti es o Año de Deus que quitas o pecado do mundo. Grazas por vir sandar a humanidade, por dar a vida por nós.
- UN ALTOFALANTE OU MEGÁFONO: Xoán Bautista sinala a Xesús para que o sigan, se vaian con el, o coñezan e o amen. Que tamén nós, sexamos as túas testemuñas para que coas nosas palabras e obras levemos a outros cara a ti.
- PAN E VIÑO: Finalmente co pan e o viño, pedímosche que nos fortalezas en cada eucaristía. Estamos débiles. Caémonos frecuentemente. Levántanos cando nos afastemos de ti.

7. ANTES DA COMUÑÓN

Xesús é o Año de Deus que quita o pecado do mundo, o que nos marca o camiño para seguilo e amalo. Que esta comuñón que imos recibir sexa un aliciente para dar testemuño de Xesús. Ditosos os invitados á cea do Señor...

8. SUXESTIÓNS:

- Non esquezas que Xesús che dá unha tarefa ou misión: sinalar a Xesús, levalo aos demais, como Xoán Bautista.
- Debes transmitir e facer visible e crible o amor de Deus. Como? Servindo, axudando, consolando, sendo testemuña de Xesús.
- Contas non só coas túas forzas senón coa graza do Espírito recibido no bautismo. Baixa a aplicación do bautismo dando a túa resposta así: "Aquí estou, Señor, para facer a túa vontade".
- Puntúate como testemuña de Xesús do 1 ao 10.
- Facede para a misa un escrito asinado por todos: "Quero ser testemuña de Xesús dándoo a coñecer a todos. Eu comprométo-me a contar aos demais o que sei de Xesús para que o coñezan e o queiran".
- Rezade pola Unidade dos cristiáns, facede algún xesto ou poñer o cartel.
- Cantade *Alma misionera* ou *Somos misioneros*.



9. VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO: Ord-2ªA (Xoán 1, 29-34 Este é o Año de Deus).

- Testemuño de Xoán, película: <https://www.youtube.com/watch?v=rDV2jAYPCcM&t=62s> <http://youtu.be/rDV2jAYPCcM>
- Xoán 1, 29-34, película: <https://www.youtube.com/watch?v=AtGDD0HyguM>
- Testemuño de Xoán, debuxos: <http://youtu.be/JbDdnimOPB8>
- Canta e camiña, canto: <http://www.youtube.com/watch?v=s1oMliuN-Cw&list=UUQL-txRIGWd2bOyA9B5KNdg>
- Xesús, quen es ti?, Brotes de Olivo, canto: <http://www.youtube.com/watch?v=MG3SVXG2L6k>
- O Fillo de Deus, canto do evanxeo: <https://www.youtube.com/watch?v=Zf36iCEleQc>
- Este é o Año, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=piVmxKIWiuA>
- Canción do Año, Luis Mellado: <http://youtu.be/xDn6y9qGdWc>
- O GR - Verbo Divino-2011: <http://www.youtube.com/watch?v=elnKfouXEVg>
- Apúntaste ao camiño?-VD-2014: https://www.youtube.com/watch?v=YIWKrA0IX_8
- Fame de espiritualidade-VD-2017: <https://www.youtube.com/watch?v=6KOQTZRUAVE>
- Cambiano o rumbo-VD-2019: https://www.youtube.com/watch?v=yqcTJ-Z_WKg
- Lecturas en linguaxe de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=pNwwTPtPVPY>

